

TARXETAS PARA XOGAR Ó “TRIVIAL PURSUIT”

Como xa sabedes, sobre todo os alumnos/as de 2ºA, estábamos a confeccionar na aula unhas tarxetas para despois poder xogar todos ó xogo chamado “Trivial Pursuit”. Para quen non o sepa, o xogo consinte en facer preguntas relacionadas con distintas categorías e os outros xogadores deben respondelas.

Nos fixemos unha pequena adaptación das categorías, poñendo preguntas relacionadas coas materias do voso curso, e intentando facer preguntas máis relacionadas c o voso entorno próximo.

No outro documento que vos colguei, tendes unha foto dunha tarxeta real do xogo.

Cada categoría correspóndese con un triángulo de diferente cor. Aquí abaixo, explícovos as categorías que nós adaptamos:

- Azul. Xeografía
- Marrón. Lingua Galega
- Amarelo. Historia
- Rosa. Pasatempos/música/xogos/películas....
- Verde. Ciencias da natureza
- Laranxa. Deportes e pasatempos / Educación Física

Agora que sabedes as diferentes categorías debedes confeccionar para esta semana 5 tarxetas cada un. Debedes facelo da seguinte maneira:

- Dividir un folio en 4 partes iguais. Cada parte será unha tarxeta.
- Por un lado da tarxeta debedes escribir as preguntas e polo outro lado as respostas.
- Diante de cada pregunta e cada resposta debedes poñer un triángulo e pintalo da cor coa que se corresponde a categoría.
- Debedes de respetar a orde das categorías para que as tarxetas de todos sexan iguais e despois se poida xogar con facilidade.
- Podedes buscar información para facelas onde queirades: web, libros de diferentes material, ocorrencia propia, etc. Eso sí, non as copiedes de internet directamente, xa que o obxectivo do xogo é que poñamos preguntas relacionadas con entorno cercano, e así poidamos aprender cousas novas del.